

Resolución do 12 de decembro de 2019 da Universidade da Coruña, pola que se fixa o procedemento e o prazo de presentación das solicitudes de avaliación da actividade investigadora para o profesorado da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física que conte co título de doutor/a, o profesorado contratado por tempo indefinido e o profesorado interino coa categoría de contratado doutor, correspondente ao ano 2019

Co obxecto de desenvolver o que establece o Título VIII do II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, en que se recolle a posibilidade de que os/as colaboradores/as fixos/as e o profesorado contratado doutor soliciten o recoñecemento do complemento de produtividade investigadora, e igualmente co mesmo obxecto de posibilitar este dereito ao persoal funcionario pertencente á Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física (antiga INEF de Galicia) que posúa o título de doutor, esta Universidade da Coruña resolve:

Primeiro. O profesorado da UDC funcionario da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física desta Universidade que posúa o título de doutor, o profesorado colaborador con contrato fixo e o profesorado contratado doutor poderá presentar a súa solicitude de avaliación da actividade investigadora dende o día 15 de xaneiro de 2020 ao 31 de xaneiro de 2020, segundo as normas contidas no anexo.

En todo caso, os/as solicitantes deberán ter a condición de funcionario/a da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física co título de doutor ou profesor/a colaborador/a con contrato fixo ou profesor/a contratado/a doutor/a a data do 31 de decembro de 2019. Así mesmo, as achegas deben ter sido publicadas nos anos sometidos a avaliación.

Segundo. A presente convocatoria rexerese polas correspondentes bases contidas no anexo desta resolución, e estarase ao que dispoñen:

- a) A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE do 2 de outubro de 2015).
- b) O Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario (BOE do 9 de setembro), modificado polos reais decretos 1949/1995, do 1 de decembro (BOE do 18 de xaneiro de 1996); 74/2000, do 21 de xaneiro (BOE do 22), e 1325/2002, do 13 de decembro (BOE do 21).
- c) A Orde do 2 de decembro de 1994, pola que se establece o procedemento para a avaliación da actividade investigadora dos funcionarios dos corpos docentes universitarios (BOE do 3), modificada pola Orde do 16 de novembro de 2000 (BOE do 21).
- d) A Resolución do 12 de novembro de 2019, da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora, pola que se publican os criterios específicos aprobados para cada un dos campos de avaliación (BOE do 26/11/2019)
- e) A disposición final vixésima sexta da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2014 (BOE do 26/12/2013)
- f) O Convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) polo que se formaliza a encomenda de xestión para a avaliación da investigación dos profesores contratados permanentes do 19/06/2017, coa adenda incluída o 07/05/2018.

E as demais normas vixentes que sexan de aplicación.

Código Seguro De Verificación	AUTER16Z+mAcFVkcE9Vyxw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	12/12/2019 18:00:49
Observacións		Páxina	1/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/AUTER16Z+mAcFVkcE9Vyxw==		



Terceiro. No que non estea previsto polas bases desta convocatoria rexerán as mesmas normas que sexan aplicables ao complemento de produtividade investigadora correspondente ás retribucións do persoal docente universitario funcionario.

Cuarto. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os datos recollidos neste procedemento serán tratados pola UDC para a xestión de expedientes administrativos de persoal, cálculo de nóminas e Seguridade Social e xestión de persoal.

O órgano responsable do devandito tratamento é a Secretaría Xeral ante a que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento oposición e portabilidade, na Reitoría da UDC; rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña, mail: rpd@udc.gal, teléfono 881011161.

A Delegada de Protección de Datos é dona Luz María Ponte Aba. dpd@udc.gal

A base de xustificación deste tratamento é a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (Lei Orgánica de Universidades e na Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia).

Poderanse ceder datos á Comisión Nacional Avaluadora da Actividade Investigadora (CNEAI) e a outras administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da UDC.

Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

Quinto. Contra a presente convocatoria cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do contencioso-administrativo, conforme ao establecido no artigo 8.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que comezará a contar dende o día seguinte á data da súa publicación, de acordo co establecido no artigo 46.1 da citada Lei 29/1998.

Así mesmo poderá presentarse, potestativamente, recurso de reposición, no prazo dun mes, de conformidade co disposto no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Contra os actos definitivos e de trámite cualificados que resulten do procedemento ao que a presente resolución refírese, poderán as persoas interesadas interpoñer os recursos administrativos ou xurisdicionais que en dereito procedan.

Sexto. A presente Resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica desta Universidade.

A Coruña,

O reitor

PD O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente
(RR 12/01/2016, Sede Electrónica UDC del 13/01/2016)

Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	AUTER16Z+mAcFVvkCE9Vyxw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	12/12/2019 18:00:49
Observacións		Páxina	2/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/AUTER16Z+mAcFVvkCE9Vyxw==		



ANEXO

BASES DA CONVOCATORIA

1. *Obxecto da convocatoria*

O propósito desta convocatoria é recoñecer os méritos na actividade investigadora desenvolvida polo profesorado funcionario da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física desta Universidade que posúa o título de doutor, o profesorado colaborador con contrato fixo e o profesorado contratado doutor desta Universidade, e incentivar o seu exercicio e a súa calidade.

2. *Requisitos dos/as solicitantes*

2.1. Terá dereito a solicitar a avaliación da súa actividade investigadora o profesorado a 31 de decembro de 2019 teña a condición de:

- Funcionario/a da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física desta Universidade (antiga INEF de Galicia) e que posúa o título de doutor.
- Profesor/a contratado/a doutor/a, fixo/a ou interino/a
- Profesor/a colaborador/a con contrato fixo

2.2. O profesorado descrito no apartado anterior que se atope en situación de comisión de servizos, servizos especiais ou situación similar, poderá someter a avaliación a súa actividade investigadora, aínda que os dereitos económicos non se xerarán ata o momento do seu reingreso na Universidade en réxime de dedicación a tempo completo.

2.4 O profesorado descrito no punto 2.1 que preste servizos na Universidade en réxime de dedicación a tempo parcial poderá someter a avaliación a súa actividade investigadora, aínda que os correspondentes efectos económicos se xerarán soamente a partir do momento en que pasen a prestar servizos na Universidade en réxime de dedicación a tempo completo.

2.5. O profesorado antes mencionado deberá encontrarse en calquera de las seguintes situacións:

- a) As persoas cuxo último tramo avaliado positivamente termine o 31 de decembro de 2013 ou terminase en anos anteriores.
- a) As persoas que nunca se presentasen anteriormente e cumpran un mínimo de seis anos avaliados o 31 de decembro de 2019.
- b) As persoas a quen non se lles recoñecese o seu último tramo de avaliación normal e este terminara o 31 de decembro de 2016 ou en anos anteriores. As persoas solicitantes que se atopen nesta situación poderán constituír un novo período, de seis anos, con algún dos anos xa avaliados negativamente no último tramo de investigación que fose presentado e, polo menos, tres anos posteriores a esa última avaliación. No caso de avaliación negativa anterior de dous ou máis tramos presentados conxuntamente, o novo sexenio formarase unicamente con anos propios do último tramo de investigación.

2.6. O profesorado que se atopen en excedencia para atender o coidado dun ou varios fillos, ou dun familiar que se atope ao seu cargo, poderán incluír na súa solicitude de avaliación de sexenios os anos –e as achegas publicadas en ditos anos- en que teñan permanecido en dita situación de excedencia.

Como parte da estratexia integral para acadar a igualdade efectiva entre mulleres e homes, para os efectos do cómputo dos tramos de investigación para a avaliación da actividade científica e investigadora, aquelas mulleres que así o desexen poderán prorrogar o último sexenio vivo un ano por cada permiso por nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento.

Estes permisos deberán ter sido realizados no período estendido entre os dous anos anteriores á entrada en vigor desta resolución e os seis anos posteriores do último sexenio en tramitación.

Código Seguro De Verificación	AUTER16Z+mAcFVkcE9Vyxw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	12/12/2019 18:00:49
Observacións		Páxina	3/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/AUTER16Z+mAcFVkcE9Vyxw==		



3. Formalización das solicitudes

3.1. Os/As solicitantes poderán presentar por vía telemática, de acordo co artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, os seguintes documentos (que están dispoñibles na sede electrónica do Ministerio de Ciencias, Innovación e Universidades):

- a) Impreso de solicitude asinado.
- b) Currículo abreviado que se xera ao cubrir a aplicación de solicitude e limitado ás cinco achegas que o/a interesado/a queira someter a avaliación.

Entenderase por «achega» calquera unidade clasificable nalgún dos criterios de avaliación a que se remite o apartado 6 da presente convocatoria. Cada achega deberá incluír os datos que sexan necesarios para a súa localización e identificación.

As achegas que se presenten tiveron que ser publicadas nos anos para os que se solicita a avaliación. Non se terán en conta publicacións “aceptadas” pero non publicadas durante eses anos.

En revistas, libros ou outras obras que contén con edición dixital e impresa, as achegas entenderanse publicadas só cando aparecieran neste segundo formato.

Se a achega que foi alegada consiste nunha patente, requírese que fose “concedida” nos anos para os que se solicita a avaliación. Non se terán en conta patentes “presentadas” ou “publicadas” pero non concedidas durante eses anos, e no seu caso, segundo os criterios específicos de cada campo, en explotación. Ademais, deberase incorporar o ficheiro .pdf coa concesión da patente.

Cada achega irá acompañada dun “breve resumo” en castelán, co máximo que establece a aplicación telemática, que conteña os obxectivos e os resultados máis sobresaíntes da investigación. Poderanse substituír os resumos individualizados por un só que se refira a todos eles.

Así mesmo, o/a solicitante deberá acompañar os “indicios de calidade” da investigación, que poderán consistir en:

- Relevancia científica do medio de difusión en que se publicara cada achega. Nas disciplinas en que existan criterios internacionais de calidade das publicacións, estes serán referencia inescusable.
- Referencias que outros/as autores/as realicen, en traballos publicados, á obra do/da solicitante, que sexan indicativas da importancia da achega ou do seu impacto na área.
- Apreciación, expresada sucintamente, do/da propio/a interesado/a sobre a contribución da súa obra ao progreso do coñecemento, así como do interese e creatividade da achega.
- Datos sobre a explotación de patentes ou modelos de utilidade.
- Recensións en revistas especializadas.

No suposto de que as achegas fosen resultado dunha obra colectiva, cada un/unha dos/as autores/as poderá incorporar a referida investigación no seu currículo, facendo mención expresa nos correspondentes resumos do alcance da súa contribución persoal ao traballo colectivo.

Cada solicitante poderá incluír ata dous achegas substitutivas debidamente referenciadas e identificadas como tales, que poidan suplir a outras tantas das presentadas en primeiro lugar e que o proceso de avaliación poda considerar de calidade insuficiente para acadar a puntuación mínima requirida.

- c) Currículo completo. Recoméndase que co currículo inclúa exclusivamente as actividades de investigación, desenvolvemento e innovación. Así mesmo, recoméndase

Código Seguro De Verificación	AUTER16Z+mAcFVvKCE9Vyxw==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente		Asinado	12/12/2019 18:00:49
Observacións			Páxina	4/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/AUTER16Z+mAcFVvKCE9Vyxw==			



que se achegue o “DOI” (digital object identifier) das publicacións que o dispoñan. Tamén recoméndase a presentación do currículo en formato normalizado CVN.

- d) Folla de servizos orixinal actualizada do período do que se solicita avaliación, na que conste o réxime de dedicación do solicitante durante o referido período. A folla de servizos deberá ser posterior a data de publicación desta convocatoria na Sede Electrónica.
- e) Se a investigación se realizou nun centro que non figura na «folla de servizos», deberase xuntar unha copia dos contratos, nomeamentos, credenciais de bolseiro ou documentos similares, e que inclúan período de tempo e réxime de dedicación. Deberá en todo caso tratarse dun centro docente superior ou cuxa actividade primordial e regular sexa a investigación.

3.2. A CNEAI poderá solicitar en calquera momento do procedemento administrativo os documentos orixinais a partir dos que se xeraron os arquivos electrónicos que foron incorporados á solicitude, co fin de contrastar a súa validez e concordancia.

3.3. A CNEAI reserva para si o dereito de actuar legalmente contra aqueles/as que modificasen ou alterasen os documentos orixinais para xerar os arquivos electrónicos incluídos na solicitude.

3.4. Tanto na sede electrónica do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, como no enderezo electrónico <http://www.aneca.es/Programas-de-evaluacion/Evaluacion-de-profesorado/CNEAI> poderase acceder aos medios electrónicos para a tramitación e o envío telemático dos impresos e anexos, así como ao texto da resolución que especifica os criterios de avaliación. No mesmo enderezo poderase realizar o seguimento da tramitación das solicitudes.

3.5. A través da sede electrónica do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades poderanse obter duplicados dos xustificantes dos escritos que foron presentados por rexistro electrónico.

3.6. Os/as interesados/as poderán dirixirse a ayuda.cneai@aneca.es, en horario de luns a xoves en horario das 9:00 h ás 18:00 h e os venres das 8:30 h ás 15:30 h, para consultas relacionadas coa aplicación informática.

3.7. Os/as interesados/as poderán dirixirse á CNEAI en horario de luns a xoves de 8:30 h a 17:00 h, e venres de 8:30 h a 15:00 h, para calquera consulta relacionada coa encomenda de xestión desta convocatoria que non corresponda á aplicación informática. Por soporte electrónico á conta: ayuda.cneai@aneca.es ou a través dos teléfonos que se atopan na páxina web da ANECA. Tamén poderán facerse consultas sobre os trámites administrativos correspondentes a esta convocatoria na Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente e no Servizo de Persoal Docente e Investigador.

4. Presentación das solicitudes

4.1. Os impresos ou anexos serán cubertos e enviados por vía telemática, usando os medios dispoñibles na sede electrónica do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

4.2. Atendendo ao disposto no artigo 14.4 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, o/a interesado/a deberá presentar a súa solicitude exclusivamente a través do rexistro telemático, para o que poderá identificarse por calquera dos medios previstos no artigo 9 da mesma lei. Esta presentación no Rexistro realizarase usando a mesma Sede Electrónica do Ministerio onde o/a solicitante realizará todo o trámite da súa solicitude.

IMPORTANTE: Unha vez presentada a solicitude na Sede Electrónica do Ministerio, o/a interesado/a deberá remitir unha copia do xustificante da solicitude (**copia da solicitude asinada e xustificante coa data de rexistro**) ao enderezo electrónico servizo.pdi@udc.gal. A falta desta comunicación impedirá que se poida realizar a avaliación.

Código Seguro De Verificación	AUTER16Z+mAcFVvKCE9Vyxw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	12/12/2019 18:00:49
Observacións		Páxina	5/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/AUTER16Z+mAcFVvKCE9Vyxw==		



5. Instrución do procedemento

5.1. Corresponde á CNEAI instruír o procedemento de avaliación da actividade investigadora.

5.2. Para desempeñar o seu labor, a CNEAI solicitará o asesoramento da comunidade científica, articulándoo a través de comités asesores por campos científicos, cuxa relación será oportunamente publicada.

5.3. No proceso teranse en conta exclusivamente os documentos presentados coa solicitude, polo que se prescindirá do trámite de audiencia, de conformidade co establecido no artigo 82.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

6. Criterios de avaliación

6.1. Na avaliación observaranse os criterios xerais establecidos no artigo 7 da Orde do 2 de decembro de 1994.

6.2. Os criterios xerais aludidos complementaranse cos criterios específicos establecidos, para cada un dos campos de avaliación, na Resolución do 12 de novembro de 2019, da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora, pola que se publican os criterios específicos aprobados para cada un dos campos de avaliación.

7. Procedemento de avaliación

7.1. Os comités asesores e, se é o caso, os/as expertos/as consultados/as deberán formular un xuízo técnico sobre a obra achegada pola persoa solicitante no currículo abreviado, dentro do contexto definido no currículo completo.

7.2. No caso de que o comité asesor ou os/as especialistas nomeados/as pola Presidencia da CNEAI o consideren oportuno, poderán requirir do/a solicitante, por medio da Coordinadora Xeral da CNEAI, a remisión dunha copia dalgunha ou de todas as achegas relacionadas no seu currículo.

7.3. O xuízo técnico expresarase en termos numéricos de cero a dez, e será preciso un mínimo de seis puntos para obter unha avaliación positiva nun tramo de seis anos.

7.4. No caso das avaliacións únicas (actividade investigadora desenvolvida ata o 31 de decembro de 1988), o xuízo técnico expresarase en termos numéricos de cero ata o número que resulte de multiplicar por dez o número de tramos solicitados. Neste suposto, o número de tramos avaliados positivamente será igual ao número enteiro que resulte de dividir por seis a puntuación total asignada.

7.5. A CNEAI establecerá a avaliación individual definitiva á vista das cualificacións emitidas polos comités asesores e os/as expertos/as, asegurando, en todo caso, a aplicación dos criterios a que se refire o apartado 6 desta convocatoria.

7.6. Para a motivación do ditame que emita a CNEAI bastará coa inclusión dos informes emitidos polos comités asesores, se estes fosen asumidos pola CNEAI. No caso contrario, deberán incorporarse ao ditame da CNEAI as motivacións para apartarse dos referidos informes, así como a fundamentación, avalada ou non por outros informes ditados por especialistas.

7.7. O prazo para a avaliación das solicitudes por parte da CNEAI será de seis meses. En aplicación do disposto no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, de 2 de outubro, o transcurso do prazo máximo para resolver este procedemento e notificar a resolución quedará suspendido durante o período de avaliación das solicitudes por parte da CNEAI, sen que esta suspensión poda exceder dos 3 meses.

7.8. A CNEAI, ao remate do proceso de avaliación, comunicaralle o resultado da avaliación á Universidade da Coruña, que notificará a cada solicitante a resolución que proceda, sendo o prazo para resolver este procedemento e notificar a resolución de 6 meses.

Código Seguro De Verificación	AUTER16Z+mAcFVvKCE9Vyxw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	12/12/2019 18:00:49
Observacións		Páxina	6/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/AUTER16Z+mAcFVvKCE9Vyxw==		



8. Recursos

As resolucións reitorais destes procedementos de avaliación da actividade investigadora, poderán ser recorridas ante o reitor, a través do recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da súa notificación. Destes recursos darase traslado á CNEAI, para os efectos de que os comités asesores emitan o informe técnico preceptivo previo á súa resolución, o cal suspenderá o prazo de resolución en aplicación do disposto no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, de 2 de outubro. Todo isto sen prexuízo da posibilidade de interposición directa do correspondente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que conta a partir do día seguinte ao da notificación, ante o xulgado do contencioso-administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e 46.1 e 8.3 da Lei 29/98, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Código Seguro De Verificación	AUTER16Z+mAcFVkcE9Vyxw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	12/12/2019 18:00:49
Observacións		Páxina	7/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/AUTER16Z+mAcFVkcE9Vyxw==		

